

TESOUROS ECOLÓXICOS

As montañas son lugares con características ambientais especiais nas que inflúen sobre todo a altitude, a orientación e a inclinación do terreo. As temperaturas descenden 0,5 ° C por cada 100 m de elevación, e hai grandes oscilacións térmicas entre o día e a noite. Nas zonas elevadas é frecuente a formación de tormentas e a presenza de fortes ventos.

Os seres que viven na montaña deben afrontar estes problemas. A fauna e a flora distribúense por niveis adaptándose ás características dos mesmos.

Nas nosas serras consérvanse as formacións arbóreas máis auténticas e numerosas especies vexetais e animais pouco comúns ou únicas.



Turbeira nos cumes do Xístral.

As **turbeiras** ou **tremocais** son ecosistemas característicos das montañas con humidade abundante durante todo o ano. Están formadas pola acumulación de restos vexetais en zonas enchoupadas de auga, especialmente esfagnos e breixos. Nelas atópanse especies de gran interese biolóxico como as rorelas e as xuncas de algodón e numerosos insectos.



Devesa da Rogueira, no Courel, unha das fragas de maior diversidade de Europa.



Bidueiral de Montederramo, o bosque de bidueiros máis puro e con exemplares de maior tamaño.

Formacións arbóreas.

O norte e oeste de Galiza (zona atlántica) caracterízase pola presenza de carballo (*Quercus robur*), frecuentemente acompañado polo bidueiro (*Betula alba*), ameneiro (*Alnus glutinosa*) e freixo (*Fraxinus excelsior*) nas ribeiras, e nas zonas altas faias (*Fagus sylvatica*), carba (*Quercus petraea*) e teixo (*Taxus baccata*). Na rexión mediterránea (vales do sureste e a área das Rías Baixas) aparecen os rebolos (*Quercus pyrenaica*) a sobreira (*Quercus suber*), o érbedo (*Arbutus unedo*), o loureiro (*Laurus nobilis*) e algunhas aciñeiras (*Quercus ilex*).



Acíñeiral en Enciña da Lastra.



Teixidal de Trevinca, o máis meridional de Europa.



Acivros ou xardóns nos Ancares.



Faial de Fonteformosa (Pedrafita do Cebreiro), na serra do Courel.

Fraga do Rego da Bara en Penarrubia (Os Ancares)

